


<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311JG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-09-19 13:07

Número 3 .- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa ao inicio do expediente do "Servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago 2019."

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 11 de setembro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 3 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE OBRAS RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DO "SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, PEQUENA REFORMA OU AMPLIACIÓN DE DIVERSOS EDIFICIOS E INSTALACIÓN S DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO 2019."

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 10 de setembro de 2019, do concelleiro delegado de Obras. Así mesmo, do informe con observacións do Interventor Xeral, número 755/2019 de data 10.9.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**José Javier Fernández Martínez**, concelleiro delegado de centros socioculturais, barrios e obras, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 15/06/2019,

EXPÓN:

1. Con data 2 de outubro de 2018, o xefe de servizo de obras e proxectos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade para a contratación do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago 2019.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1JG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-09-19 13:07

2. Con data 10 de xaneiro de 2019, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 15 de xullo seguinte, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago 2019**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **521.322,33 euros/ano IVE** aparte.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311JG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-09-19 13:07

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 109.477,69 euros/ano.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo ás aplicacións orzamentarias que se sinalan a continuación, reservándose as cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

. Anualidade 2019: 315.400,01 euros.

Educación/ 080 32300 21200: 33.333,37 euros.
Servizos xerais/ 030 92000 21200: 7.500 euros.
Casa das asociacións/ 050 33404 21300: 333,33 euros.
Centros cívicos/ 020 33403 21200: 3.733,31 euros.
Benestar social/ 020 23101 21200: 2.000 euros.
Instalacións deportivas/ 090 34200 21200: 5.666,66 euros.

. Anualidade 2020: 630.800,02 euros.

Educación/ 080 32300 21200: 400.000 euros.
Servizos xerais/ 030 92000 21200: 90.000,01 euros.
Casa das asociacións/ 050 33404 21300: 4.000,01 euros.
Centros cívicos/ 020 33403 21200: 44.800 euros.
Benestar social/ 020 23101 21200: 24.000 euros.
Instalacións deportivas/ 090 34200 21200: 68.000 euros.

. Anualidade 2021: 315.400,01 euros.

Educación/ 080 32300 21200: 366.666,67 euros.
Servizos xerais/ 030 92000 21200: 82.500,01 euros.
Casa das asociacións/ 050 33404 21300: 3.666,68 euros.
Centros cívicos/ 020 33403 21200: 41.066,66 euros.
Benestar social/ 020 23101 21200: 22.000 euros.
Instalacións deportivas/ 090 34200 21200: 62.333,33 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros o seguinte:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1JG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-09-19 13:07

Aprobar o expediente denominado **Servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago 2019**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **521.322,33 euros/ano IVE aparte**.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 109.477,69 euros/ano.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo ás aplicacións orzamentarias que se sinalan a continuación, reservándose as cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

. Anualidade 2019: 315.400,01 euros.

Educación/ 080 32300 21200: 33.333,37 euros.
Servizos xerais/ 030 92000 21200: 7.500 euros.
Casa das asociacións/ 050 33404 21300: 333,33 euros.
Centros cívicos/ 020 33403 21200: 3.733,31 euros.
Benestar social/ 020 23101 21200: 2.000 euros.
Instalacións deportivas/ 090 34200 21200: 5.666,66 euros.

. Anualidade 2020: 630.800,02 euros.

Educación/ 080 32300 21200: 400.000 euros.
Servizos xerais/ 030 92000 21200: 90.000,01 euros.
Casa das asociacións/ 050 33404 21300: 4.000,01 euros.
Centros cívicos/ 020 33403 21200: 44.800 euros.
Benestar social/ 020 23101 21200: 24.000 euros.
Instalacións deportivas/ 090 34200 21200: 68.000 euros.

. Anualidade 2021: 315.400,01 euros.

Educación/ 080 32300 21200: 366.666,67 euros.
Servizos xerais/ 030 92000 21200: 82.500,01 euros.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1JG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-09-19 13:07

Casa das asociacións/ 050 33404 21300: 3.666,68 euros.
Centros cívicos/ 020 33403 21200: 41.066,66 euros.
Benestar social/ 020 23101 21200: 22.000 euros.
Instalacións deportivas/ 090 34200 21200: 62.333,33 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO


Asdo: Gumerindo Guinarte Cabada

